


S' HOMOS

LES

N°5



EDITORIAL

Desculpe o lector o retraso con que chega á rua este novo exemplar.

Protagonistas sen quere-lo, a abondosa información xerada ao redor da realidade que envolve á nosa opción sexual, obrigá-nos a modificar o formato a a practicar unha gradual selección das novas que nos chegan, segundo a relevancia que lle concedamos.

Comprenda-se, entón, a sistematización destas páxinas: respetando as notas breves como recurso de información xeral, ofertamos asemade o desenvolvemento daquelas dignas de lectura pousada e meditada.

Interesados pola reflexión do que acontece e na toma de conciencia por parte da sociedade de que tamén nós temos uns dereitos e unhas aspiracións de igualdade que sistematicamente se cuestionan, vulnerando as condicións para unha convivencia en Democracia, agardamos que esta publicación sirva de alicerce para a opinión crítica e o debate.

FELICES FESTAS!!

DENUNCIA PUBLICA

O Centro Xove de Anticoncepción e Sexualidade, que vén cumprindo un labor moi importante desde a súa fundación no terreo da información e atención aos mozos e que colabora co CGC en asuntos como a publicación do S'Homos N.4 (foron eles os que doaron os condóns), non teñen diñeiro.

Debido ás miserentas subvencións que lles chegan queda-lles tan só a via de subsistiren grácias aos propios esforzos dalgúns dos seus profesionais. (O Centro de Madrid pechou, e o de Barcelona acha-se á par do de Compostela).

Será acaso que a Xuventude xa non precisa de ningún tipo de información ao respecto? Ou quizás o momento non sexa o máis adecuado para informar?.

Centro Xove de Anticoncepción e Sexualidade. Rúa Espiñeira 10, Baixo (Frente ao Hotel Peregrino). 15706. Compostela.
Tlf: 594252

PUB



San Miguel,3-(Algalia)
COMPOSTELA
(Zona San Martiño Pinário)

CUESTION DE IMAXE

A Mesa do Congreso rexeitou o recurso presentado polo bedel que foi trasladado do primeiro andar da Cámara á sexta por levar unha trenza no pelo. O recurso presentado por Víctor Gómez só contou co apoio do representante de EU, José Luis Núñez, quen considerou que a imaxe da Cámara non se ve afectada polo aspecto externo deste traballador que, en cambio, agregou, si ve vulnerados os seus dereitos. Sen embargo o vicepresidente terceiro do Congreso, o socialista Joan Marcet, opinou que *con esta decisión non se merma nengun dereito do traballador, xa que en nengun momento se lle insistiu en que mude a súa imaxe.*

La Voz de Galicia. 28/10/92;pp.10



NO 92 NON FOI NOTÍCIA

100 ANOS DE HOMOSEXUALIDADE: PRIMEIRAS TEORIAS CIENTIFICAS

O termo homosexual, utilizado hoxe para referir-se a actividades sexuais entre individuos do mesmo sexo, foi utilizado por primeira vez no ano 1892 por C. G. Chaddock para describer unha patoloxia, unha enfermidade.

Outras fontes remeten-nos a Benkert, médico húngaro que puido utilizá-lo xa no 1869, aínda que se así fora, o uso do termo non se xeralizara até finais do século XIX.

A partir deste momento a homosexualidade deixa de asimilarse a unha herexia e converte-se no discurso dos médicos e os psiquiatras. Antes, ao homosexual chamábase-lle *sodomita*, palabra derivada do substantivo Sodoma, cidade que segundo a tradición cristiá foi destruída por Deus polas inclinacións homosexuais de todos os seus varóns. A actuación destes sodomitas era repremida por se tratar dun crime nefando, un pecado e un perigo social.

Dende que emperador Constantino proclamara a relixión cristiá como oficial do Império Romano (Édito de Milán, 313 d. de C.) a historia da homosexualidade reduce-se a unha serie de persecucións por herexia.

A partir da segunda metade do século XIX a medicina ocupa o lugar da Inquisición e, en moitos casos, a fogueira inquisitorial é reemplazada polo electroshock, as lobotomías, as inxeccións de insulina, etc., tratamentos todos eles degradantes e crueis, impulsados por unha moral hipócrita.

A instauración da homosexualidade como categoría diferente da heterosexualidade garantida a través dos razonamentos da psiquiatría a posibilidade da aprición dun aparello represivo legal que xustifica a discriminación exercida contra os homosexuais.

Pero este interese científico tamén alentou a discusión pública do feito homosexual, algo impensábel até o momento, e a creación de diferentes teorías que tentan explicá-lo. De xeito paralelo á discusión científica desenvólvese certo movemento social a favor dos dereitos homosexuais que se concreta na creación do Comité Científico e Humanitario, o ano 1897 na Alemaña, organización que pouco a pouco estende a súa actividade a outros países europeos e aos EE.UU. Enfrontando-se a isto, están os vellos mitos. O Cristianismo en xeral e a Igrexa Católica en particular continúan anatemizando a homosexualidade e aos individuos que a practican ou a defenden.

Xa no plano científico, os principais científicos e escritores foron alemáns e británicos, e estes a pesar da censura que a férrea moral vitoriana lles impuña. O primeiro escritor que desenvolve unha teoría explicativa, precursor de autores posteriores, foi Karl Heinrich Ulrichs (1825-1895), que escribe en 1864 os seus primeiros "estudos sociais e xurídicos sobre o enigma do amor entre homes", *Vindex* e *Inclusa*. O autor di que a homosexualidade é conxénita e fala dos homosexuais, aos que chama *uranistas*, como unha variedade independente do ser humano. Os homosexuais masculinos posúen un alma feminina nun corpo de home.

Desta maneira, destruíra varios prexuízos: se a homosexualidade era conxénita non existía perigo de contaxio para os heterosexuais, e se tal comportamento era o normal nos uranistas, non tiñan razón de ser as leis discriminatórias.

Son estas ideas totalmente superadas, mais que tiveron grande influencia durante décadas.

Baseando-se nas teorías Ulrichs, Richard von Kafft, na súa obra *Psychopathia sexualis*, considera a homosexualidade, xunto coas outras desviacións como unha dexeneración hereditaria do sistema nervoso. Magnus Hirschfeld (1868-1935) desenvolveu máis a ideas de Ulrichs, e criou a teoría de *Zwischenstufen* ou dos estados intermedios. Nela fala da homosexualidade como unha variación innata e considera que o corpo dos



P
U
B

homosuais constuí algo intermedio. Trátase do terceiro sexo.

A partir de 1910, Hirschfeld flexibiliza as súas posturas e torna-se máis anticlerical, aínda que nunca abandonou a súa idea de homosexualidade como algo conxénito.

Benedict Friedländer, acusa-o de que as súas teorías frean o movemento gai. Considera a teoría dos estados intermedios como algo "degradante e unha humillante...súplica de simpatía", e considera a preponderancia médica nos movementos homosuais da época como perxudicial para os mesmos: "Pódese sentir compaixón cara ás enfermidades e comportar-nos humanamente cos enfermos tentando curá-los; pero xamais se reconece que os supostos inferiores físicos teñan os nosos mesmos dereitos".

Anticipa o concepto de "contínuo sexual" que Kinsey utilizará logo no seu traballo e considera que a bisexualidade é a forma máis plena e menos distorsionada da condición humana.

Friedländer morre en 1908. O ano anterior o enfrontamento científico entre este autor e Hirschfeld produce a división do Comité Científico e Humanitario.

Na Gran Bretaña Sir Richard Burton, traduce directamente do árabe ao inglés *Mil e unha Noites*, e no "Epílogo", publicado no volume X no ano 1885, constrúe unha grande defensa do amor homosexual, baseándose nos seus amplos coñecementos históricos e antropolóxicos, e nas súas observacións persoais na África do Leste. Constrúe a teoría da "zona sotádica", na que a homosexualidade está historicamente aceptada, e que coincide sospeitosamente coas culturas que quedaban fora do ámbito represivo do cristianismo.

Compatriota seu é Havelock Ellis. A súa obra *Estudos de psicoloxía sexual*, con gran cantidade de información histórica, antropolóxica, de casos concretos, etc. tivo unha grande influencia posterior.

Cando se publicou o volume sobre *A inversión sexual*, en 1898, Ellis foi inmediatamente denunciado e o seu editor multado.

Os primeiros movementos en favor dos dereitos dos homosuais interrompen-se bruscamente nos anos 30, tras 60 anos de existencia, sen que na realidade conseguiran nengun logro duradeiro.

Tras a II Guerra Mundial multiplican-se as vías de investigación. Moitas delas seguen abertas:

- Aprendizaxe social
- Hermafroditismo físico ou psíquico
- Desequilibrio hormonal
- Actitude ou Decadencia social
- Hipotálamo

Outras están superadas, como a teoría de Lang, que en 1940 afirmou que xeneticamente os homosuais eran do sexo oposto. A posibilidade de determinar o sexo cromosómico demostrou a inexistencia de tal anomalía xenética.

No ano 1974 a *American Psychiatric Association* decide borrar a homosexualidade da lista de enfermidades mentais. Foi esta unha decisión controvertida e polémica, e que foi considerada como unha vitoria do movemento de liberación gai.

A OMS decidiu este ano 1992 clasificar a homosexualidade como unha preferencia sexual e borrar-la igualmente da lista de enfermidades, o cal levará a cabo no ano entrante.

Quizais, máis que a orixe ou o porqué da homosexualidade, o que habería que explicar é o tabu social que existe contra dela; tabu e represión que se exercen maioritariamente nas zonas en que a moral xudeu-cristiá é a dominante.

A PSICANALISE, UN PERIGO PARA CRISTIANS

Os Xesuítas puxeron a Sigmund Freud na picota ao afirmaren que a súa terapia psicanalítica pode provocar no cristián ou no sacerdote "danos importantes" dende o punto de vista moral ou relixioso. O ataque dos Xesuítas aparece nun artigo asinado polo padre De Rosa, director de *Civiltà Cattolica*, no que se afirma que "a visión materialista e consecuentemente amoral e atea de Freud e dos seus discípulos plantexa ao cristián un problema moi delicado".

La Voz de Galicia. 09/09/92;

APOLO

Galerías
Viacambre
SANTIAGO



COLABORACIÓN

COMITE CIUDADAN GALEGO

ANTI SIDA



TEL.:
57.34.01

Fuente de San Miguel, nº 2 baixo
Apdo. 117 - Santiago

Dende o Comité Cidadán Galego Antisida de Compostela queremos facer chegar a todas as persoas unha mensaxe de responsabilidade con respecto á SIDA. A SIDA é unha problemática que afecta a toda a sociedade, é dicir, todos/as debemos sentirnos afectados independentemente de que esteamos infectadas/os polo VIH ou non. Para conseguir isto é necesario que a SIDA sexa un problema presente en todo-los ámbitos da vida social: no traballo, na escola, no bar, na casa, etc,etc.

Esta atitude provoca que as mensaxes de prevención e a solidariedade con enfermos/as de SIDA e de portadores/as de VIH medre até afastar todo tipo de discriminación baseada na ignorancia e no medo.

Todos/as temos por diante un importante desafío contra da SIDA: **SE QUEREMOS PODEMOS PARALA!**

Debemos ter en conta que a SIDA revela toda a marxinação, discriminación e totalitarismo desta sociedade, así pois loitar contra da SIDA e a discriminación que provoca é loitar tamen a favor da liberdade sexual, da educación sen discriminación, da igualdade da muller, das drogas, e obrigar a que esta sociedade vexa, admita e acepte problemáticas e orientacións persoais.

Imos entre todos/as falar claro e loitar por unha sociedade millor.

COMITE CIUDADAN GALEGO ANTISIDA
DE COMPOSTELA.

AGORA SI

O PP solicita ao Parlamento máis medidas contra a SIDA.

O Aumento da Síndrome de Inmunodeficiencia Adquirida no *grupo dos heterosexuais* e nos *nenos* motivou ao PP a presentar unha proposición non de lei no Parlamento Estatal sobre a situación desta enfermidade na España, segundo explicou o portavoz popular da Comisión de Droga, Gonzalo Robles.

Sen comentarios!

El Correo Gallego. 18/02/92;pp.56

SOLIDARIEDADE



ROSAS DO LESTE

UCRANIA E ESTONIA

A Ucránia e a Estónia están entre os primeiros países da ex-URSS en anular o parágrafo 121 do código penal soviético que atentaba contra os máis elementais dereitos dos homosexuais. Dito parágrafo aínda non foi eliminado das leis que agora rexen a república rusa. Concretamente na Estónia, o parlamento votou a favor da legalización das relacións sexuais entre homes e mulleres.

Por outra banda, seguindo o exemplo da Union Lesbiana Estoniana, acaba de ser fundada a Asociación Gai Estoniana (Eesti Gayliit).

Forumo. 07-08/92.
La Burçonigilo. 06/92

LETONIA

O primeiro de marzo o parlamento letón votou unanimemente para anular o parágrafo 124.1. Os membros da Asociación Letona para a Igualdade Sexual traballaron moito a ese fin.

La Burçonigilo. 06/92.

LITUANIA

Sedundo Arunas Dainauskas, presidente do Buró Lituano de Información Gai e Lesbiana, o goberno lituano aínda está a encarcerar gais a causa das súas relacións sexuais, e espia e controla dita organización. As reunións públicas de gais son consideradas "instigación a conducta ilegal". A Igrexa Católica oponse forte e activamente á abolición da lei antigai nese país.

La Burçonigilo. 06/92.

TRÁFICO SEXUAL CON PRESOS EN BUDAPEST

O director da prisión de Godollo, cercana a Budapest, permitiu a un empresario entrar no recinto para levar a mozos cos que logo mantería relacións sexuais. O empresario, Zemplenyi, patrocinador do equipo húngaro de natación nos Xogos Olímpicos, fuxiu do país tras cometer un desfalco de 900 millóns de pesetas.

La Voz de Galicia. 20/09/92;pp.03

ROMENIA

A mediados de maio representantes da Asociación Internacional Gai e Lesbiana e a Comisión Internacional para os Dereitos Humanos Gais e Lesbianos reuniron-se en Bucarest para investigar a situación actual de lesbianas e gais na Roménia.

As reunións tiveron lugar con activistas locais gais e lesbianas, organizacións nacionais para os dereitos humanos e grupos anti-sida, xunto con parlamentarios e membros de ministerios.

O Parágrafo 200 da Lexislación Criminal romena prohibe as relacións homosexuais e prescribe penas de un a cinco anos de cárcere. Segundo instancias gubernamentais o parágrafo non fai cumprir desde a revolución de 1909, e os encarcerados foron xa liberados como parte dunha amnistia xeral. Sen embargo, segundo LADO, organización romena polos dereitos humanos, máis de 100 gais e lesbianas quedan aínda nas prisións por acusacións descoñecidas.

Segundo John Clark, Secretario Xeral do ILGA, "Aínda que é unha noticia esperanzadora que o parágrafo 200 sexa considerado unha "lei morta, a comunidade internacional gai e lesbiana xa experimentou a reavivación de tales "leis mortas" noutros países".

Cartas de protesta esixindo a anulación de parágrafo 200 (non importa a lingua; a palabra "homosexual" é o suficientemente internacional para que a entendan, e o signo de admiración - ! - tamén) a:

Lucian Stingu.
Ministerio de Xustiza.
Bd.M.Kogainiceanu. 33
Bucarest.
Romania.

La Burçonigilo.



TARASCA

entremuros 13
Compostela

ROSAS DO LESTE

REPUBLICA CHECA

En Praga vén de se inaugurar a discoteca "Voldek" (nomesti Miru 14, prza da Paz). Xa en abril abría-se outra con "servicios gays" en Praga 5 (esquinas das ruas Ztorovska e Petrinska). Por outra banda algúns bares e cafetarias (privadas) empezaron a funcionar hai pouco. Polo tanto a vida gai está en pleno movemento. Mesmo hai rumores que apuntan cara aprobación dunha lei sobre parellas gays no 93. Se é certo ou non, xa se verá.

Forumo. 07-08/92.

REPUBLICA CHECA (e II)

A Igrexa Católica condena o primeiro casamento de homosexuais na República Checa, celebrado a mediados do pasado mes de setembro nun templo de Praga.

Lukas e Vladimir contraeron matrimonio sen a presenza do cura. Segundo un dos convidados foi unha boda como debía ser, incluído un bico dos felices noivos ante o altar e as nais de ambos os dous, que derramaron bágoas de emoción. O banquete foi ofrecido no restaurante Valdek.

"A postura da Igrexa ante os enlaces de homosexuais segue a ser inalterábel desde os tempos do apóstolo Paulo", puntualizaron fontes da xerarquía católica checa.

GAIquiri N.3. 10-11/92

ESLOVAQUIA

A comezos de agosto uns cincuenta xoves provenientes de dezasete países encontraron-se en Bratislava no marco da organización internacional de xoves gays IGLYIO. En relación aos problemas da sexualidade e da prevención da sida, os participantes criticaron as discriminacións de que son vítimas os homosexuais nalgúns países ex-comunistas.

Segundo un membro do seu secretariado, os homosexuais son aínda perseguidos sobre todo na ex-URSS, na Roménia e na Bulgaria.

En cambio na Rep. Checa e na Eslováquia foron legalizadas oficialmente cinco organizacións homosexuais.

Infogai N.68. 11-12/92

MOMO... a rua..
Cafe-Bar



Virgen de la Carca n° 23
56 55 80 Campastela
Abierta de 20'30 a 2'30



"A PALLOZA"

BAIUCA



ENTREMUIROS, Nº 10

DE COMO SE CONSTRUI

CONVIVIR NO ES TOLERARSE,
ES INTEGRARSE

(EL REI. San Millán. 07/10/92)

"Corresponde aos poderes públicos de Galicia promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivos, remover os atrancos que impidan o dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os galegos na vida política, económica, cultural e social".

(Estatuto. Art. 4.2.)

DOGA N.166; Mércores, 26 de agosto de 1992

Consellería da Presidencia e Administración Pública.

Resolución do 6 de agosto de 1992, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se aproban os programas correspondentes ás probas de acceso ás distintas categorías de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia.

Tema 26.-Desviacións sexuais. Cromosopatías. Homosexualidade. Outras anomalías. Prevención. Técnicas de desinhibición e de extinción.

Vivir en Democracia, entón, é poder exercer como minoría, como singularidade que conviva cos demais, coas maiorías que -de sempre- poden exercer os seus criterios, por seren masa. Defínese contra dela -por oposición- ao totalitarismo, que impón o deseño dun mundo plano; ao que lle espanta o diferente porque non quere ou non ten capacidade para entender outra realidade que non sexa a súa propia.

Da lectura do DOGA reseñado, desprende-se que asistimos á presentación dos despojos dun naufraxio. Exposición non máis nefasta que en épocas anteriores; os sangrante é que coincide cunha época de estratexias democráticas que se perden no excepticismo xeral.

Os novos descubrimentos da Ciencia non poen ser anulados, anque fagan xurdir moitas dúbidas. As lagoas e simplificacións ou os vacíos e estereotipos xurdidos de estudos inmaduros hoxe carecen de validez. Todo o que é verdadeiro coñecemento e o seu exercicio deben permanecer válidos e dignos de estima.

Entenden-se, entón, que o asesoramento das nosas institucións, como elas mesmas, deba ser serio, racional e responsábel, e saber do que está afirmando, para non incorrer nas estridencias das que gosta o absentismo cultural.

Noutro senso, debemos preguntarnos: ¿ Ha considerar-se como creadora de valores tan só á maioría ? . Erguer a estatística en lexislador é impor unha homologación da vida en todos os seus ámbitos; un debilitamento dos espíritos, co contínuo troco das formas exteriores e a conversión dun relativizado grupo humano nun alienado. Un rexeito apriorista a verdades e valores da existencia humana.

E por isto, que se fai difícil valorar o espírito que afecta aos enunciados cuestionados, salvo que se pretenda analiza-los dende presupostos ideolóxicos ou pretendidamente "morais".

É preciso que a Admon. Pública aprenda a escoitar e a ser reflexiva, evitando antagonismos de eternas políticas demagóxicas.

Unha desexábel estabilidade é utopía cando detrás desa decepción que é a tiranía dun *status* se reincida na exclusión, o tabu, na literatura anatemizante, a sorna, na desconexión respecto do relevante, a minusvaloración baseada nos tópicos, e non se teñan baixado ao coñecemento e debate.



Rua Nova, 36

Tf: 56 69 80

A efectos do presente Estatuto de Autonomía, e de conformidade coa Constitución Española de 1978, a solidariedade entre TODOS cantos integran a empresa colectiva que supón unha comunidade autonómica, esixe das institucións democráticas que faciliten as condicións para que dereitos e liberdades sexan realidade e non simple xogo teórico. Calquer outra cousa non pasará de ser senón un mero exercicio de distracción.

UN MURO

Unha Institución Civil debe velar polo mantemento dunha xusta orde pública, o que envolve a convivencia pacífica entre os cidadáns, o respecto aos dereitos e liberdades da persoa, e o cultivo dunha Filosofía Pública independente dos discursos fundamentalistas. Ética de comportamento que aquí non foi aplicada.

O egoísmo do solilóquio dunha maioría, a complicidade dunha oposición ubicada na laxitude, unha sociedade que pasa á retagarda na súa actitude política e ideal de progreso en novos valores, contribuen a explicar a realidade dun País que carece de mentalidade e de cultura democráticos; que pretende construír a identidade democrática deixando á parte da sociedade sen capacidade de participación. Unha orde artificiosa, insolidaria, *própria da dobre moral* que pretende conquistar a homoxeneización de criterios cun feixe de excluídos relativizados como minorías.

Prexuízos de rancia pedagogía que -é lóxico- permanecen na mentalidade colectiva, xa que nengun dos poderes fácticos democráticos nen dende o Poder dos Medios de Comunicación se preocupou de denunciar este agrávio á Xustiza e até afronta ao sentido comun ou crise de indiferenza. Pero, non tan lóxico, na voz dunha Institución que antes de posicionar-se públicamente ten a obriga de asesorar-se de xeito interdiciplinar, contrastado, a sabendas de que as súas declaracións van incidir sobre a opinión pública con efectos ben dispares.

Entende-se que un político debe ser unha persoa que resolva problemas, pero a miúdo sucede que hai políticos que os crean. O que aquí cuestionamos conculca garantías Constitucionais ou, cando menos, é froito da falla de precisión na linguaxe; negligencia que, entende-se, contribuí ao enrarecemento da vida social: a precarización de parte da sociedade, a indución de separatismos artificiais, a conversión do (para moitos) cotidiano en excepcional, a difamación represiva que condena ao "nefando -por blasfemo-" ao mundo da Psiquiatría e o equipara a un delincuente sexual. Imprudencia Política que incorre na sequidade, na intransixencia, na hostilidade, na dogmatización de vellos prexuízos, forxando un clima de excepticismo, cando non de desconfianza.

Estigmatización, por parte da Admon. Pública Autónoma que, para o particular, amosa non entender dese punto de estabil-

bidade que é a responsabilidade; o respecto á pluralidade.

Penúltima diatriba, dende unha convocatoria de Oposición, a sabendas de que o opositor se somete ao guión ideolóxico da proba, por cobardía ou por sobrevivir, mesmo simplemente por medrar nun contexto de sangrante desemprego. Nela estase prefigurando o noso Futuro e condicionando a actividade pedagóxica.

A Socioloxía da Educación debe criticar e desmontar as visións *esencialista e tecnocrata* que se plantexa á Pedagogía, que só ven fenómenos *naturais e divinos*. Debe incitar á reflexión en profundidade no seo da Comunidade Educativa e no conxunto da sociedade nos condicionamentos subliminares (aos que se condiciona o bo resultado) sobre os axentes socializadores. Debe cuestionar-se un sistema que impón restricións á identidade do suxeito ou aquel outro renovador que facilite respostas ás necesidades do desenvolvemento do individuo e do seu autoconcepto. Permitir, en fin, avanzar na loita contra a discriminación e a desigualdade.

O problema non é xa de igualdade legal nos Textos, senón de espírito e desexo de cumprimento; a vontade de superar o descoñecemento, a idea limitada e negativa consecuentes, a desvaloración día a día, que minan ao ser humano que os sofre.

Desde a legalidade e desde a Democracia, debe completarse o proceso de control do poder dos Homes de Estado e das Institucións nas súas mans, a fin de que respeten as fronteiras do que é Cousa Pública e que da esfera persoal do individuo.

Para sanear e dar-lle vida a esta Democracia, é imprescindible, pór en funcionamento a letra da lei.

Os ventos de igualdade e de integración (aquí aínda estamos reivindicando Tolerancia) comencan por un goberno que sirva a TODOS, non de persoeiros que se consideran a si mesmos omniscientes; de mentes "normais" obstinadas en racionalizar a política represiva; de aseveracións categóricas.

Esiximos o respecto pola nosa opción sexual e realización persoal dentro da sociedade. Avogamos por unha Xustiza Integral. Reivindicamos unha Democracia desenvolta sen as limitacións impostas polos amedrentados.

Por Xustiza non aceptamos recortes a valores fundamentais!

HIMMLER NAS AULAS

"Hai que erradicar a homosexuais e drogadicto"

Voceiros do Comité Cidadán Anti-Sida de Galicia mostraron a súa indignación contra a *Universidade de Santiago de Compostela* por permitir que desde esa institución se difunda información "obsoleta" e "perigosa" sobre a prevención e a loita contra a sida.

Nunha intervención na Aula Magna da *Facultade de Bioloxía* de Santiago. O catedrático *Marco Bach* rexeitou a prevención baseada no reparto de preservativos e xiringas, porque "*potencian as prácticas de risco*" e porque, na súa opinión, os preservativos teñen entre un 87 e un 90% de fallos a causa do mal uso pola "*paixón do momento*", e asegurou que a *única forma eficaz para previr a sida é erradicar aos homosexuais e drogadicto*.

Asemade, calificou ás campañas de prevención de *erra*. Segundo o catedrático *Marco Bach*, as recomendacións *non surten efecto nos ambientes propensos ao contaxio*, porque son colectivos de *persoas acostumadas á morte de xente ao seu redor e a problemática da sida deixa-os indiferentes*.


Diario 16 de Galicia. 15/11/92.

¡Catedrático!. ¿Universidade?.

Agardamos que "a quen corresponda" adopte as medidas pertinentes con estes predicadores da sinrazón e o ódio.

Entenda que os límites da Liberdade comenzan na destrución dos Dereitos dos demais; na destrución da honra, da dignidade, da intimidade e imaxe propias; no fomento da cultura de eliminación.

Reflexione se a Veracidade está por riba de pretendidas "*convicións morais, segundo o caso*".



Praza do Matadeiro

PUNTUALICEMOS

Somos un País sen fóbias a ninguén, entendemos por iso que, como no Pasado, no Presente nos observen baixo ópticas igualmente limitadas. Fan ben, pero por iso mesmo esiximos xustiza en Democracia, agora que moitos se van ao medo, a outros chegalles o noxo, e non poucos claman venganzas.

Non dubidamos de que Vosté, e con V. a xente que escoitou a súa reedición da "*solución final*" - sen inmutar-se - fan parte dese selecto grupo que se ten de "*Demócratas de toda a Vida*" que aproveitan os foros públicos para faceren apoloxía dese raro ben: a convivencia; rexeitando aos grupos que predicán e practican o odio sobre as "*impurezas*" e "*desviacións*" dos "*inferiores*".

Todos nós, sen dúbida, estamos a favor da libre expresión, da pluralidade de opinión; incluso daquela que confonde esa Liberdade coa libertinaxe, permitindo-se frivolar contra quen trata de regular a súa opción sexual e vital familiar, social e profesional.

Seguros de que V. non é dos que confonden a Ciencia coa "*conciencia, segundo o caso*", a súa disertación troca-se en expoñente da dificultade que supón pensar na SIDA; abordar o problema sen coartar a liberdade allea; implantar medidas profilácticas ou preventivas sen caer no Terror.

E por iso que en Bioloxía, centro de encontro para a Ciencia e a Vida, a experiencia que V. expón, antolla-se-nos chamada de atención cara á hostilidade do *biolóxico* e do perigo de desviación (esta sí) nos obxectivos da Ciencia. En verdade, interesa-lle a Vida e por iso estivo ben que V. falase en Bioloxía sen violar o seu obxecto de estudo e obxectivo máximo: velar polo coñecemento da Vida -nas súas diversas manifestacións- e a súa preservación.

Confesamo-lo, estamos cansos de que a Verdade deixe paso ao *run run* de pseudo-científicos "*pro-vida, segundo o caso*".

E máis, sen pecar de modestia, pódese afirmar que coa súa aportación se atopou o eslabón perdido entre o último Nerón e os lagartos interplanetarios de "V". Desengañados de que na lua non hai Vida - non hai por tanto alí lunáticos-, grazas a homes coma V. a Humanidade que se cre dun grupo superior, poderá seguir soñando cun Planeta de xentes loiras e ollos azuis, pura manifestación de fibra e estatura, con capacidade reprodutora de - polo menos- dous fillos por unidade familiar.

O S A N T O G R I A L



FARISEOS NO TEMPLO

Dicía Eugeni D'Ors que hai dúas maneiras de matar: a acción que a propia palabra significa e aquela outra máis sutil, "facer a vida insoportabel aos demais".

No pasado Xullo, a Congregación para a Doutrina da Fe (antigo Santo Oficio da Inquisición), publicou un texto defendendo a *lexitimación da discriminación a Gais e Lesbianas*. Nel afirma-se que non é inxusto discriminar a Homosexuais no ensino, nas adopcións, na asignación de vivenda pública, no entrenamento de atletas, no servizo militar. *Nega-se o dereito a calquer tipo de reivindicacións referentes á Homosexualidade ante a posibilidade de estas provocaren un enfebecemento da institución familiar.*

A vez fai unha referencia indirecta ás vítimas da sida *instigando á obrigación "lexítima" da limitación dos dereitos daquelas persoas física e mentalmente enfermas culpábeis -din- dun comportamento desordenado.*

Continuación da política represiva iniciada na incerta interpretación que Paulo fai da Mensaxe de Cristo, sen se preocupar por manter unhas mínimas formas derivadas da súa tan autoproclamada caridade cristiana. Benaventurados os perseguidos...

DENUNCIAN A EXISTENCIA DE VIDEOXOGOS NEONAZIS

O director en Europa do Centro "Simon Wiesenthal", Simon Samuels, denunciou na EXPO'92 a circulación por diversos países europeos de videoxogos neonazis nos que se propón o "exterminio de mendigos, homosexuais, ecoloxistas e comunistas". "Os nenos -explicou- reciben diñeiro ficticio para mercaren xudeus, turcos, polacos ou xitanos, ademais dos elementos precisos para gasealos, cifra que se incrementa se atinxen vender os cabelos e os dentes de ouro. Isto é pernicioso porque fomenta a violencia e o odio".

Noutra banda, en Israel proliferan asemade os videoxogos que invitan á "caza de nazis". Os xogadores teñen que eliminálos por medio de "pistolas", "granadas de man", "arames electrificadas" e en "cámaras de gas".

Unha manifestación máis de que os métodos ofensivos da Segunda Guerra Mundial seguen vixentes. Sen querermos, os gais somos protagonistas da irracionalidade.

La Voz de Galicia. 11/09/92;pp.55
El Correo Gallego. 05/12/92;pp.06



NOVAS ROSAS

MAIS DA PRENSA

"Faria falla un foguete e quizás na LUA ...ou mellor, un cambio radical de mentalidade, unha REVOLUCION nas sagradas conviccións da especie. Todo porque don Juan elexeu a don Juan."

Non está nada mal escribir (canto máis a miúdo mellor) sobre o mundo gai. Ese, para moitos (quizá demasiados) e descoñecido, misterioso e estereotipado tema que afecta a uns poucos? (quizá moitos máis).

Así tamén, o deberon entender en El Correo Gallego non fai moito. O domingo 8 de Novembro-92 dedicaron toda unha páxina a adentrar-se na situación do mundo gai, propiciando un achegamento bastante real para o meu ver, ao mundo homosexual com-postelán. Levados da man pola voz sen rencor, sen ánimo ou vinganza da experiencia, descubren-nos unha realidade pouco reflexionada, demasiado asumida:

"En Santiago non temos futuro. A presión do entorno é tan asfixiante que nos vemos impedidos a permanecer en ghettos onde ser "raritos" supón soportar unha agonía lenta. O rexeitamento visceral e a incompreensión xeralizada pretenden extirpar a "anomalía", a suposta "enfermidade" -a pesar de que a moderna Psicología desmentiu estas supersticións- como o ser humano acostuma a exterminar o DIFERENTE, a acurrular ao TOLO, ao MONSTRO."

O SEMANAL KOVEN no seu número 20 aborda o tema da sexualidade desde distintos aspectos: educación sexual, anticoncepción, pornografía, masturbación, homosexualidade...

En relación á homosexualidade, consideran "inexacta a división Homo-Hétero, xa que ninguén é totalmente unha cousa ou outra, senón que existen diferentes graos. A homosexualidade e a heterosexualidade tampouco son diferentes, senón extremos dun amplo espectro da conduta sexual nos que a xente está situada.

As relacións homosexuais abarcan unha gama tan variada como as hétero e varían desde un encontro casual a unha relación estábel."

Nunha entrevista feita na rua por esta publicación sobre diversos aspectos da sexualidade humana, a Homosexualidade é vista como un feito que "todos aceptan plenamente", "respeto total por unha opción mui persoal de cada un".

A xuventude actual ten unha versión mui diferente a outras anteriores, xa non é algo a esconder, algo vergonzoso. E algo muito máis natural.(!).



Two boys on a beach, Radlerung von Paul Cadmus (1939), aus Lincoln Kirstein, Paul Cadmus

NOVAS ROSAS

A C.E.E. ESTUDA NORMALIZAR OS DIREITOS DOS HOMOSEXUAIS

A eurodeputada alemá do Partido Verde Claudia Roth en nome da *Comisión De Liberdades Públicas do Parlamento Europeu* está a preparar un informe a debater no Parlamento Europeu para recomendar aos países da Comunidade Europea que equiparen os dereitos das parellas homos cos das hétero.

A equiparación dos dereitos das parellas de Gais e Lesbis cos das parellas de feito (ou non casadas) en base a principios de igualdade, libre desenvolvemento da personalidade e protección de todas as formas de familia é unha das principais reclamacións segundo un membro da Asociación Internacional de Gais e Lesbianas (ILGA), quen ademais denuncia a inseguridade xurídica para as parellas homosexuais debido ao baleiro legal en temas como *bens gananciais e comúns, dereitos de adopción e patria potestade, así como as cuestións relacionadas coa vivenda*.

A non aceptación legal da parella de feito entre dúas persoas do mesmo sexo e máis as dificultades de nacionalización dun ou outro cónxuxe son deficiencias estendidas a toda a Comunidade salvo as excepcións da Dinamarca e en menor medida Holanda, Franza e Alemaña.

No Estado Español, *para variar, na!, non existe recoñecemento ningún ás parellas de Gais e Lesbis. E se non, que veña Maastrich e o vexa.*

La Voz de Galicia. 12/92 (reelaborada)

ATLÁNTICO



Praza de San Miguel



ILLA DE MAN

Moitas compañías aéreas permiten aos seus empregados realizaren voos gratis con seu respectivo esposo ou esposa. Entre as poucas que ofrecen o mesmo privilexio tamén a parellas homosexuais acháse (vaia sorpresa) Manx Airlines (a compañía Aérea da Illa de Man).

A Illa de Man, dependente da coroa británica, a medio camiño entre Inglaterra e Irlanda, e cun parlamento propio, o Tynwald, posuía unha lei homofóbica que levaba mesmo ao arresto de persoas adultas polo mero feito de faceren o amor en privado.

Así, en maio do pasado ano, doce homes foron condenados por "crimes sexuais" no alto tribunal insular. Todos confesaron a súa culpa por diversos delitos de sodomía e a disconformidade por seren arrestados a finais do 90 en ocasión dunha "caza de bruxas" a mans da policía, que deu capturado mais de corenta persoas.

Cinco dos homes deberon cumprir penas de ata un ano de prisión, e os outros sete de ata 200 horas de servizo comunitario. Ao sentenciarlos o xuíz enfatizou que os castigos "deben mostrar o noxo público polo carácter dos crimes"

Sen embargo, baixo a presión do goberno británico, o parlamento manés cambiou a lei. Con 13 votos favorábeis fronte a 11 en contra, decidiu o 31 de marzo de presente ano que o amor entre dúas persoas de mesmo sexo xa non é un crime.

Con estas circunstancias de fondo non deixa de ser loábel a valente atitude da compañía aérea local.

Forumo. 11-12-1991; 07-08-1992.

NOVAS ROSAS

NICARÁGUA: VIOLETA NON É ROSA

A presidenta nicaraguana, Violeta Chamorro, asinou finalmente o novo código penal que castiga con penas de até 4 anos de prisión as relacións e propaganda homosexual. Aínda que foi asinado o oito de xullo, non se quixo facer público deica o agosto pasado. Segundo a Asociación Internacional de Gais e Lesbianas (ILGA) e o grupo IGLHRC de San Francisco, a nova lei non entrará en vigor até non ser publicada, e xa hai diversos proxectos para a deter, posto que atenta contra o artigo 11 da constitución nicaraguana que garante o dereito á publicidade. Por outra banda activistas gays e lesbianas pensan desafiar os tribunais nicaraguanos con peticións de isención na aplicación desta nova lei arguindo que viola non só o dereito á privacidade senón tamén os dereitos humanos garantidos por acordos internacionais.

(Infogai, n. 68, nov.-dec. 1992)

A CHINA DESCOBRE OS GAIS

Por primeira vez, as autoridades chinesas recoñecen a existencia de gays dentro do seu país, precisando que non son raros nen enfermos.

Psicólogos de Nankín estudaron 1000 homosexuais e declararon que a maioría son homes que viven no litoral, cun alto nivel de educación e ben integrados na súa vida profesional. Engaden que os gays existen en grandes cantidades e son sans de espírito. Os investigadores atribuen, non obstante, as orixes da homosexualidade masculina " ao autoritarismo da nai, ao liberalismo dos pais ou ao fracaso dentro do matrimonio ". Non obstante, neste estudo os gays campesiños e obreiros seguen sen existir.

(Infogai, n. 68, nov.-dec. 1992)

Sociedade bi-sexual

No semanario *NEW TIMES*, de Londres, do día 27 de Xuño, o periódico editado por *Esquerda Democrática* publica un artigo de Peter Thatchell encol da convocatória de *Euro Pride*. O autor argumenta que nunha sociedade sen tabues, a bi-sexualidade será a norma. "Que nos permite aseguralo? A pesar da demonización da homosexualidade, as relacións entre persoas do mesmo sexo son moeda corrente. Así aparece nas investigacións de Kinsey, Masters e Johnson, Pomeroy e outros. O que descubren é que nas sociedades de Occidente, un dez por cen é só ou predominantemente homosexual; un quince é bi-sexual case toda a a súa vida e dun 25 a un 35 por cento ten polo menos unha experiencia homosexual que remata en orgasmo e un 50 experimenta atracción emocional ou sexual por persoas do seu sexo. Se isto é certo nunha sociedade homofóbica, canto máis non medrarian as porcentaxes nunha cultura non represiva. Sen tabues culturais, todos poderíamos gozar destas delicias a xeito". ♦

A NOSA TERRA. 23/07/92.



AMSTERDAM: CAPITAL GAI

O ministerio de turismo holandés lanzou nos Estados Unidos unha campaña oficial presentando a Amsterdam como a "capital gai" da Europa.

Esta operación de promoción vai especialmente dirixida ao homosexual americano con ingresos elevados. O porta-voz do ministerio declarou no momento do lanzamento desta campaña: "A reputación de Amsterdam converte-se nun destino extremadamente acolledora para os homosexuais".

(Infogai, n.68, nov.-dec. 1992)

COLABORACIÓN

A bisexualidade na Antiguidade clásica

Se hai un tema investigado últimamente no ámbito dos estudos clásicos este é o do homoerotismo na Grécia antiga, mentres que en Roma, contrariamente, foi-no muito menos. Desde que E. Bethe publicara na revista *Rheinische Museum* o seu traballo "Die dorische Knabenliebe. Ihre Ethic, ihre Idee", o homoerotismo grego, até entón tabu que se eludía facendo como muito unha mención ao "execrável vicio dos gregos", converteu-se en materia de abundantes traballos e publicacións, ben como materia directa de estudo ou ben como tema colateral. Mas se tal era a situación no panorama internacional dos estudos clásicos, no territorio do Estado Español a situación foi ben diferente. Dúas circunstancias coadxuvaron a criar esta situación. A primeira delas, o escaso desenvolvemento dos estudos helénicos, salvo en campos mui concretos, que repercutiu na produción editorial; a segunda destas circunstancias era a situación política caracterizada por unha ditadura eclesiástico-militar, con unha relixión oficial e a súa correspondente moral que consideraba a homosexualidade como vicio nefando.


Mas, aínda que ambas circunstancias están superadas, as publicacións que focan o tema do homoerotismo na Antiguidade clásica seguen a ser raras e esporádicas. Non obstante, de cando en vez temos a oportunidade de vermos nas librerías algun libro novo sobre o tema, que nesta oportunidade é o libro da profesora de Dereito Romano da Universidade de Milán Eva Cantarella, cuxo título (*Según natura. La bisexualidad en el mundo antiguo.*) é máis que esclarecedor sobre o tema que trata e o xeito que ten de focá-lo: o homoerotismo como comportamento amoroso non "contra natura", senón como un aspecto distinto do amor humano, diferenza que ven dada - como di a autora -, "non como desviación ou perversión, senón porque foi visto e valorado de modo diverso, segundo a regras vinculadas a modelos de vida que, no tempo e segundo situacións cambiantes, sufreron profundos cambios e asumiron significados diferentes." O libro, que naceu como unha tentativa de aprofundar nalguns aspectos da condición feminina e da relación destas cos homes, converteu-se afinal nun intento de comprender a elección, o pensamento e afectos de todos aqueles que constitúen os alicerces da nosa civilización. O que podería ser unha simple investigación instrumental (asi foi comezou), como elemento que axudase á comprensión da vida afectiva da muller,

converteu-se finalmente nun estudo sobre a relación homoerótica en si mesma: a avaliación do homoerotismo polos diferentes sectores sociais e intelectuais da antiguidade, o sentido desta relación, a codificación e lexislación sobre o tema, a amplitude da infracción da norma social. Abre diante de nós unha realidade rica que con frecuencia vai máis alá do que na nosa época muitos estudosos están dispostos a admitir. Así aparece o amor entre homes que sobrepasan os límites da pederastía con muita maior frecuencia da que os helenistas están inclinados normalmente a admitir. Da mesma maneira, a autora alza-se fronte á redución das expresións físicas do amor ao coito inter-crustral, idea tan dominante nos helenistas, para mostrar-nos a diversidade do sentimento homoerótico e as súas expresións, entre elas o coito anal ("Di de quen es, benaventurado, e a cal dos mozos adornas. E o cu dixó: 'de Menecrates'").

Neste esforzo de comprensión do fenómeno, temos un estudo profundo e sen prexuízos do homoerotismo tanto grego como romano, os cais mostran-se profundamente diferentes no obxecto do desexo (*paides* no caso dos gregos, escravos no caso dos romanos), de natureza da relación ideal (de natureza pedagóxica e estética na Grécia, de dominación en Roma), que non sempre foi a real. Fóra deste traballo non podía ficar esquecido o homoerotismo, aspecto pouco estudado, e do que normalmente non se vai máis alá da mención da poetisa de Lesbos, Safo.

Deixamos aquí esta reseña coa recomendación da súa lectura, xa que a miña pretensión é dar a coñecer este libro, e non aforrar a ningún o pracer de lé-lo.

FUCOLOIS



San Ruio, 12 - Tño. 563447

Santiago de Compostela

GRUPOS GAIS DO ESTADO ESPAÑOL

- COLECTIVO GAI DE COMPOSTELA (CGC)
Apdo. 191. SANTIAGO DE COMPOSTELA
- EGHAM
Apdo. 1667. 48080 BILBO
Apdo. 1632. 20080 DONOSTI
Apdo. 1157. 31080
- COLLECTIU LAMBDA
Apdo. 1197.46080 VALÈNCIA
- FAGC-JAG
R/ Villarroel, 62 - 3r. 1a.
08011 BARCELONA
- CASAL LAMBDA
Passeig Picasso, 40-3r. 1a.
08003 BARCELONA
Tel.: (93) 3104322
- COGAM
R/ Carretas, 12-3ª 2ª
28012 MADRID
GAI INFORM:
Tel.: (91) 5230070
- LA RADICAL GAI
Apdo. 8294
28080 MADRID
- COGLES
Apdo. 713
37080 SALAMANCA
- COLECTIVO GAI DE ÁVILA
Apdo. 105
05080 ÁVILA
- JOGAL
Apdo. 627
02080 ALBACETE
- NO TE PRIVES
Apdo. 776
30080 MÚRCIA
- ASAMBLEA GAY DE MÁLAGA
Apdo. 785 MÁLAGA
- GRUPO DE LIBERACIÓN DE GAIS
Y LESBIANAS
Apdo. 3173
50080 ZARAGOZA
- COLECTIVO DE LIBERACIÓN SEXUAL
" TAGOROR "
Apdo. 10809
38002 SANTA CRUZ DE TENERIFE
Tel.: (922) 241354

OUTROS ENDEREZOS DE INTERESE

COMITÉS ANTISIDA

- R/ Fonte de San Miguel, 2 - baixo
(frente a San Martiño Pinário)
Tel.: 573401 COMPOSTELA
- R/ San Andrés, 115 2ª ext.
Tel.: 226167 A CORUÑA
- R/ Catedral, 3
Tel.: 244560 LUGO
- R/ Méndez Núñez, 11 baixo
Tel.: 220607 VIGO

CENTRO XOVE DE ANTICONCEPCIÓN
E SEXUALIDADE

R/ Espiñeira, 10 baixo
(frente ao Hotel Peregrino)
Tel.: 594252 COMPOSTELA

O Colectivo Gai de Compostela (CGC) forma parte da COORDENADORA DE FRONTES DE LIBERACIÓN HOMOSEXUAL DO ESTADO ESPAÑOL (COFLHEE); colabora co COMITÉ CIDADÁN GALEGO ANTISIDA de COMPOSTELA e co CENTRO XOVE DE ANTICONCEPCIÓN E SEXUALIDADE.

